



## PREGUNTA ORAL SOBRE O NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E A CONTINUIDADE DO SERVIZO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento dos traballos para a nova estación de autobuses que o Goberno galego está a construír no contorno da estación ferroviaria e o avance na tramitación do proxecto para ampliar a sede da Administración autonómica en San Caetano, nos terreos da súa propiedade que agora ocupan a terminal de transporte e o parque de bombeiros municipal, van supoñer unha gran transformación urbanística na área norte da cidade.

O proxecto que a Xunta de Galicia prevé licitar este mesmo ano contempla a demolición da actual estación e a urbanización dunha superficie próxima ás dúas hectáreas, onde se asentarán nunha primeira fase dous bloques para oficinas na zona máis próxima ao complexo administrativo actual e, no resto da parcela –que inclúe o emprensamento actual do parque municipal de bombeiros- a construción dun parque público mentres non se desenvolvan posteriormente nese lugar outros dous edificios que están previstos.

As previsións que manexa a Xunta de Galicia é que eses dous primeiros edificios e o parque público estean rematados entre a ano 2020 e 2021, polo que para permitir os traballos que se poderían iniciar cara á metade deste ano 2019 sería necesario que o Concello tivera buscado unha alternativa para albergar o servizo de bombeiros.

Á vista desta situación, formúlase a seguinte pregunta:

***Que medidas ten adoptado o Concello para o traslado do parque de bombeiros, cal será a súa nova localización e como se prevé garantir a continuidade e a eficacia do servizo desde o momento en que a Xunta de Galicia inicie a execución do seu proxecto de ampliación en San Caetano?***

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela